



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de AGOSTO de 2021

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a Elena Espinosa Mangana

D. Carlos López Font (online)

D. Abel Losada Álvarez (online)

D. Jaime Aneiros Pereira (online)

D^a Yolanda Aguiar Castro (online)

D^a M^a Carmen Silva Rego

D^a M^a José Caride Estévez

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día vinte e sete de agosto de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(765).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(766).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021” NA PRAZA DE COMPOSTELA. EXPTE. 8804/335.

Visto o informe de fiscalización do 26/08/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 25/08/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2021” na praza de Compostela (8.804-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2021” na praza de Compostela (8.804-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Declaración da urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo da PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021” NA PRAZA COMPOSTELA.

Terceiro: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de xullo de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 26 de xullo de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do servizo de PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021” NA PRAZA COMPOSTELA

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 62.009,72euros (IVE incluído) e sendo o valor estimado do contrato de 51.247,70 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 13 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2021 pola xefa do Servizo de Festas.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2021” na praza de Compostela (8.804-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	100 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., o día 13 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 e 18 de agosto e deposita a garantía o 24 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, poñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña

presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable a través de fórmula asinado o 10 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión deste procedemento de EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2021 pola xefa do Servizo de Festas, adoptada por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019) do 13 de agosto de 2021.*
2. *Adxudicar a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2021” na praza de Compostela (8.804-335) por un prezo total de 62.009,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.762,02 euros cunha porcentaxe de desconto do 4% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP e coas seguintes condicións:*
 - a) *Propón unha maior experiencia en traballos de produción de espectáculos ou eventos do seguinte persoal técnico:*
 - *Responsable de coordinación/xefe de emerxencias de 15 anos.*
 - *Responsable de backstage (state manager)/xefe de intervención de 7 anos.*
 - b) *Comprométese a achegar as seguintes melloras:*
 - *Piano tipo modelo C3 para a celebración do Festival de Música clásica e Jazz*
 - *Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 15" para todos os eventos*
 - *Maior número de monitores activos coaxial 2 vías 12", todos os eventos*
 - *Maior número de cabezas móbiles híbridas de 180 W (beam, spot e wash) con protocolo DMX maestro/escravo, apertura foco de 6o a 60o e un mínimo de 20 canais DMX, todos os eventos*
 - *Maior número de tarimas, de tixola altura regulable de 2x1, todos os eventos*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(767).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DO GRUPO “LOS SECRETOS” DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021”. Expte. 8869/335.

Visto o informe de fiscalización do 26/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 25/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (Delegación 03/05/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade da actuación musical do grupo “Los Secretos” dentro do programa “VIGO EN FESTAS 2021” (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de agosto de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: : Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato das ACTUACIÓN PRIVADA de “LOS SECRETOS”, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021” no Palco exterior do Parque de Castrelos o días 27 de Agosto de 2021.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de agosto de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 19 de agosto de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para a actuación privada de “LOS SECRETOS”, incluídas dentro do Programa “VIGO EN FESTAS” 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 24.048,75 euros, e sendo o valor estimado do contrato de 19.875,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 23 de agosto de 2021 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 25 de agosto de 2021 CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 25 de agosto de 2021, reúnense a xefa do Servizo de Festas coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, comprobándose a capacidade e solvencia do licitador, polo que se procedeu á apertura da documentación económica contida no sobre B, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o grupo musical xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características deste procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada”* e de acordo coa citada cláusula 15 ao haber un único licitador non se lle outorga puntuación.

Dado que o licitador xa achegou no sobre A parte da documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP e a restante figuraba en poder desta Administración, e se considerou correcta, procede formular proposta de adjudicación a favor de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 25 de agosto de 2021 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. (B-27.778.141) o procedemento negociado sen publicidade da actuación musical do grupo “Los Secretos” dentro do programa “VIGO EN FESTAS 2021” por un prezo total de 24.048,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.173,75 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(768).- NOMEAMENTO DE 25 OFICIAIS DE INSTALACIÓNS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. Expte. 37901/220.

Visto o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta do 24/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal (Resolución do 23/08/21), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data de sinatura electrónica de 28/04/2021 remítese á Área de Recursos Humanos e Formación solicitude do Servizo de Educación indicando e motivando a necesidade de incorporación dun total de 25 efectivos coa categoría profesional de oficiais de instalacións muni-

cipais, en atención ás necesidades derivadas do servizo público expostas pola Xefatura do Servizo solicitante e conformada pola Concellería-delegada da Área correspondente.

2.- Analizada a solicitude, en data 22/06/2021 procédese á incoación de expediente.

3.- Emitido ao expediente informe técnico de cuantificación económica (trámite 28 do expediente) se contempla a proposta de gasto e a verificación de sostibilidade do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais, e no cal, entre outros aspectos, se recolle que:

“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (25 POSTOS) Acumulación tarefas

Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021/2022	Periodo - (01-09/2021 a 28-02-2022)- 25 POSTOS – 6 meses
Retribucións totais (1 posto)	24.905,16 € 311.314,50 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	9.355,20 € 116.940,00 € (2)
Total	34.260,39 € 428.254,50 € (3)

(1) Da referida cantidade 207.543,00€, corresponde a presente exercicio e, 103.771,50€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 77.960,00€ corresponde a presente exercicio e, 38.980,00€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 285.503,00€, corresponde a presente exercicio e,142.751,50€ ao vindeiro exercicio 2022.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”

4.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



Concello de Vigo

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“el exceso o acumulación de tarefas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses”** (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, tómase conforme ao posto de traballo de Oficial de Instalacións Municipais, código 300, por un período de 6 meses, en atención aos datos obrantes e á cuantificación efectuada no informe técnico emitido ao expediente electrónico, sendo o máximo legalmente establecido para a presente modalidade de personal interino de 9 meses.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



Concello de Vigo

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 6 meses é o seguinte:

“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (25 POSTOS) Acumulación tarefas

Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021/2022		Periodo - (01-09/2021 a 28-02-2022)- 25 POSTOS – 6 meses
Retribucións totais (1 posto)	24.905,16 €	311.314,50 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	9.355,20 €	116.940,00 € (2)
Total	34.260,39 €	428.254,50 € (3)

(1) Da referida cantidade 207.543,00€, corresponde a presente exercicio e, 103.771,50€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 77.960,00€ corresponde a presente exercicio e, 38.980,00€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 285.503,00€, corresponde a presente exercicio e,142.751,50€ ao vindeiro exercicio 2022.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 331 do expediente) consta que:

- *“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficiais de Instalacións Municipais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de Instalacións Municipais por acumulación de tarefas a: M. J. Fouz Ares con DNI: ***3886**, a M. Rodríguez González con DNI:***4135**, a N. Freitas Rodríguez con DNI: ***0474**, a J. L. Vázquez Castro con DNI: ***7374**, a T. Sanroman González con DNI: ***7786**, a A. López Costas con DNI: ***2088**, a D. López Davila, con DNI: ***4487**, a R. Seoane Liberata con DNI: ***7402**, a D. Alberdi Iglesias con DNI: ***5479**, a A. Vigo Bao con DNI: ***9498**, a E. Amor Villar con DNI: ***7115**, a J. Lago López con DNI: ***1835**, a J. F. Argibay García con DNI: ***1656**, a M. Quiroga Villar con DNI: ***2874**, a C. García Veloso con DNI: ***5088**, a F. Rey Gómez con DNI: ***9132**, a J. Sánchez Figueroa con DNI: ***3379**, a J. Fajardo Fariñas con DNI: ***3040**, a T. Quinteiro Domínguez con DNI: ***7592**, a P. Bermúdez García con DNI: ***7392**, a J. F. Fonterosa Amez con DNI: ***6381**, a F. Bastos Cabaleiro con DNI: ***7239**, a B. Rodríguez Alonso con DNI: ***7929**, a R. Fernández García con DNI: ***1883** e a C. Pintos Da Cunha con DNI: ***2598** , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”

As persoas aspirantes interesadas e dispoñibles, en número de 25, aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmete o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, estando puntualmente delegada a sinatura nos días 23 a 25 de agosto do 2021 no Concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos por Decreto da Excm. Alcaldía de 23.08.2021.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 25 funcionarios interinos nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Oficiais de instalacións municipais.*
- *Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP)*
- *Destino: Servizo de Educación.*

- *Período temporal: 6 meses dentro dun período máximo legal de 9 meses, sen dereito a compensación algunha á expiración do período, segundo artigo 10.3, letra c) do TREBEP.*
- *Custe económico: 428.254,50€ para 6 meses, desglosados segundo informe técnico de data 04/07/2021:*

“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS (25 POSTOS) Acumulación tarefas

Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021/2022	Periodo - (01-09/2021 a 28-02-2022)- 25 POSTOS – 6 meses
Retribucións totais (1 posto)	24.905,16 € 311.314,50 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	9.355,20 € 116.940,00 € (2)
Total	34.260,39 € 428.254,50 € (3)

(1) *Da referida cantidade 207.543,00€, corresponde a presente exercicio e, 103.771,50€ ao vindeiro exercicio 2022.*

(2) *Da referida cantidade 77.960,00€ corresponde a presente exercicio e, 38.980,00€ ao vindeiro exercicio 2022.*

(3) *Da referida cantidade 285.503,00€, corresponde a presente exercicio e,142.751,50€ ao vindeiro exercicio 2022.*

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 37.901/220 obxecto de aprobación.

SEGUNDO: *Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, na súa condición de aspirantes incorporados en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, ás persoas contidas na relación seguinte:*

- *M. J. Fouz Ares con DNI: ***3886**,*
- *M. Rodríguez González con DNI:***4135**,*
- *N. Freitas Rodríguez con DNI: ***0474**,*



Concello de Vigo

- *J. L. Vázquez Castro con DNI: ***7374***,
- *T. Sanroman González con DNI: ***7786***,
- *A. López Costas con DNI: ***2088***,
- *D. López Davila, con DNI: ***4487***,
- *R. Seoane Liberata con DNI: ***7402***,
- *D. Alberdi Iglesias con DNI: ***5479***,
- *A. Vigo Bao con DNI: ***9498***,
- *E. Amor Villar con DNI: ***7115***,
- *J. Lago López con DNI: ***1835***,
- *J. F. Argibay García con DNI: ***1656***,
- *M. Quiroga Villar con DNI: ***2874***,
- *C. García Veloso con DNI: ***5088***,
- *F. Rey Gómez con DNI: ***9132***,
- *J. Sánchez Figueroa con DNI: ***3379***,
- *J. Fajardo Fariñas con DNI: ***3040***,
- *T. Quinteiro Domínguez con DNI: ***7592***,
- *P. Bermúdez García con DNI: ***7392***,
- *J. F. Fonterosa Amez con DNI: ***6381***,
- *F. Bastos Cabaleiro con DNI: ***7239***,
- *B. Rodríguez Alonso con DNI: ***7929***,
- *R. Fernández García con DNI: ***1883***
- *C. Pintos Da Cunha con DNI: ***2598** .”*

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral dos efectivos nomeados desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas*

que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: *Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, Xefatura da Área/Servizo, Intervención Xeral Municipal, Inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

QUINTO.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

”

5(769).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2021. Expte. 3976/330.

Visto o informe xurídico do 06/08/21 e o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta do 05/08/21, asinado pola técnica Media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 2 de agosto de 2021 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2021, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

No informe económico xustificativo da mesma data, a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Cultura, realiza a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na citada ordenanza municipal e que figura no expediente.



Concello de Vigo

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de inquestionable interese cultural ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación. Por outro lado, o momento excepcional provocado polas medidas sanitarias derivadas da pandemia COVID 19, con gran limitación de aforos, farían imposible propoñer prezos que cubrisen o custe dos espectáculos, e privaría ao público e á cidadanía de poder acceder á cultura.

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto para os espectáculos con cachés superiores aos 5.000,00 € por función, que polo seu custe extraordinario terán un prezo de 10 €, e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao custe total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos do seguinte xeito:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Tamén existen descontos especiais puntuais do 30% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual, así como a mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro nesta franxa de idade que é a que menos asiste segundo os datos de asistencia observados.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet e na Librería Librouro e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houberse entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza nº 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os prezos de venda de entradas da **DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL ENTRE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2021**, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PRO-POSTO
1 e 2 de outubro	Amorodio Teatro	Reino da extinción	8 €
3 de outubro	Manuel Pombal (2 funcións)	O xardín de Vila Gris	5 €
8 e 9 de outubro	Yllana	Greenpiss	10 €
10 de outubro	Pedras de cartón (2 funcións)	Quixote	5 €
15 de outubro	La_Compañía	Los Remedios	10 €
17 de outubro	Adrián Conde (2 funcións)	El Gran Braulio	5 €
22 de outubro	Voadora	Othello	10 €
23 de outubro	Cámara Negra Teatro	Clausura de amor	8 €
24 de outubro	Teloncillo Teatro (2 funcións)	La Granja	5 €
29 e 30 de outubro	Manolo Alcántara	Deja Vu	10 €
31 de outubro	Zum Zum Teatre (2 funcións)	Soy una nuez	5 €
5 e 6 de novembro	Contraproducións	As Cigarreiras	10 €
7 de novembro	La gata japonesa (2 funcións)	Los viajes de Bowa	5 €



Concello de Vigo

12 e 13 de novembro	Pistacatro	Drop	8 €
14 de novembro	Xirriquiteula Teatre (2 funcións)	Laika	5 €
19 de novembro	Centro Dramático Galego	O Charco de Ulises	8 €
20 de novembro	Impromadrid	Porvenir	8 €
21 de novembro	Elefante Elegante (2 funcións)	C U B O	5 €
26 de novembro	El Sol de York	Chicas y Chicos	8 €
27 de novembro	Xián Martínez	Pioneras	8 €
28 de novembro	Anita Maravillas (2 funcións)	Las del Cotton	5 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán dous tipos de abonos:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado establécese tamén un desconto do 30% en virtude de convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual, así como a mocidade con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos co obxecto de fomentar a asistencia ao teatro nesta franxa de idade que é a que menos asiste segundo os datos de asistencia observados.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través de internet, na billeteira do propio Auditorio e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez